

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Miguel Prado Patiño, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-002919 (36370)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas á implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo e do xabaril, así como a adaptación do actual marco legislativo en materia de convivencia coa fauna salvaxe á situación real do territorio, en especial no referido á problemática do lobo.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta a seguir mantendo a liña de axudas para a prevención fronte aos danos que ocasionan determinadas especies de fauna silvestre, así como a valorar a posible modificación ou ampliación de diferentes medidas preventivas e o mantemento das actuais vías de consenso coas distintas organizacións que están a defender a viabilidade e compatibilizar a coexistencia co mundo rural e as actividade agropecuarias

Santiago de Compostela, 18 de outubro 2018

Asinado dixitalmente por:



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:43
Nº Rexistro: 39117
Data envío: 18/10/2018 17:43:00.259

Pedro Puy Fraga na data 18/10/2018 17:40:50

Jesús Miguel Prado Patiño na data 18/10/2018 17:41:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Miguel Prado Patiño, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002912 (36324)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos continuos danos económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria que está a causar o xabaril, en especial nas explotacións e cultivos do medio rural

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a complementar a estratexia e actuación en torno a esta especie, publicando liñas de axudas específicas para paliar os danos ocasionados polo xabaril e para seguir apostando polas medidas preventivas”

Santiago de Compostela, 18 de outubro 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/10/2018 17:39:44



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:43
Nº Rexistro: 39118
Data envío: 18/10/2018 17:43:39.925

Jesús Miguel Prado Patiño na data 18/10/2018 17:40:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com